



Perguntas e respostas para as pessoas mutualistas de MUFACE sobre o COVID 19



ensino



Preguntas e respostas para as persoas mutualistas de MUFACE sobre o COVID 19 e modo de actuar



Que debo facer se teño síntomas de coronavirus?

Todas persoas mutualistas e beneficiarias están cubertas ao 100% nesta emerxencia internacional, tanto se son de adscrición pública coma se son de opción privada, do mesmo xeito que o resto de usuarios do Sistema Nacional de Saúde. Todas as persoas mutualistas van ser atendidas conforme ao protocolo vixente determinado polas autoridades sanitarias.

Se crees ter síntomas compatibles cunha infección respiratoria - tose, febre, e/ou falta de aire -, non acudas a urxencias, porque é contraproducente para o risco de contaxio, faino por ti e os demais. Debes illarte no teu domicilio e chamar aos teléfonos específicos da túa comunidade autónoma.

Se es de opción concertada, podes chamar aos teléfonos da túa entidade, tamén alí indicarache como actuar e, no seu caso, deberán facer o seguimento da túa situación.



Números de teléfono específicos sanidade pública

Para a cidadanía con síntomas: 061

Para a información da cidadanía: 900 400 116



Números de teléfono específicos entidades concertadas

ASISA

Centro de coordinación de urxencias: 900 900 118.

Ademais, na app cóntase coa opción de contactar directamente co seu Servizo de Emerxencias

ADESLAS

Teléfonos de orientación sobre o coronavirus e urxencias: 902 109 393 e 932 593 416.

Número do Centro Coordinación de Urxencias: 900 32 22 37.

DKV - Urxencias médicas

Médico 24 horas: 976 991 199.

A través da app Quiero cuidarme Más. Tamén para orientar ou resolver segundo os protocolos médicos do Ministerio de Sanidade.

Centro de coordinación de urxencias: 900 300 799.



Se estou en tratamento con hidroxicloroquina/cloroquina, que debo facer?

Con motivo da Nota Informativa na que a Agencia Española do Medicamento (AEMPS) difundía contido sobre a distribución controlada de todo o stock de hidroxicloroquina/ cloroquina, para garantir que os pacientes con enfermidades crónicas, que están dentro das indicacións da ficha técnica dos medicamentos, dispoñan da súa medicación, estableceuse a dispensación controlada destes medicamentos.

No caso de mutualistas e beneficiarios ou beneficiarias de MUFACE, as e os pacientes crónicos en tratamento con hidroxicloroquina/ cloroquina nas indicacións autorizadas deberán presentar un informe médico actualizado da patoloxía onde figure a prescrición do medicamento (serían válidos aqueles con datas de ata 6 meses) na caixa de correos: cloroquina@muface.es, e unha vez comprobado que cumpre os requisitos esixidos pola autoridade sanitaria competente, faiseche chegar un certificado para que presentes xunto coa receita se dispón dela.

Con todo, nos próximos días, se estás nese caso chegarache un correo electrónico informando do procedemento. Se non dispós de correo electrónico o teu Servizo provincial tentará localizarche mediante chamada telefónica.



ensino



Medidas Extraordinarias para as persoas mutualistas de MUFACE durante a crise do COVID 19



Que fago se necesito receitas?

Polo momento, non se articulou sistema de flexibilización de receitas durante o estado de alarma.

Debes acudir ao teu servizo de saúde ou entidade.

Se é imposible obter receitas asinadas, acude a unha oficina de farmacia co informe médico onde se recolla a medicación que necesitas e tenta adquirir os medicamentos en receita na farmacia, posteriormente poderás solicitar o reintegro de gastos a MUFACE. Conserva o ticket.



Que fago se necesito visar unha receita?

Debido ao estado de alarma decretado polo Goberno, o Ministerio de Sanidade aprobou a exención de visado de receitas no ámbito MUFACE

Por iso, non é necesario ir ás oficinas para selar as túas receitas. Vaiche coa receita á farmacia e poderás adquirir os teus medicamentos.



Que fago se necesito un talonario de receitas?

Con motivo da emerxencia de saúde pública provocada polo novo coronavirus (SARS-CoV-2), MUFACE habilitou as seguintes canles para a solicitude de talonarios.

- Sede electrónica (Con Cl@ve, certificado dixital ou DNI electrónico).
- Telefonicamente en horario de oficina chamando ao 060.
- Por correo electrónico ou por teléfono ao seu Servizo Provincial de referencia



Que ocorre co meu tratamento de farmacia hospitalaria?

Podes estar en varias situacións:

- Todos aqueles tratamentos hospitalarios que era necesario renovar no período comprendido entre a declaración do estado de alarma ata o 30 de maio, prorrogáronse automaticamente, polo que se estás nesta situación non terás que facer ningún trámite.
- Con todo, debes ter en conta que se publicou unha Orde onde se recolle que a dispensación debe ser como máximo para dous meses ou, para aqueles que a AEMPS así o determine, a dispensación será para un mes.

En canto a desprazamentos ao hospital:

- Aqueles casos nos que a persoa mutualista que vos atopedes en tratamento cun medicamento hospitalario e poñades de manifesto a imposibilidade de trasladarvos ao hospital onde tedes autorizado o tratamento por cambio temporal de localidade, deberedes achegar unha declaración ao voso servizo provincial de orixe, polo procedemento que sexa posible, onde explicades as circunstancias e o novo hospital onde queredes que se vos dispense a medicación.
- Se os pacientes non podeis acudir ao hospital por ser persoas de idade con patoloxía previa que supón un risco elevado de infección, pode facer a recollida un familiar ou calquera persoa cunha autorización do/da paciente e presentala na farmacia do hospital que corresponda, xunto coa orde de dispensación ou o informe médico.



ensino



PROCEDIMIENTO ESPECIAL PARA DISPENSACIÓN EN FARMACIA PARA AS PERSOAS MUTUALISTAS DE MUFACE ADSCRITAS AO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO DURANTE A CRISE DO COVID 19



Co obxecto de reducir a frecuentación e os contactos que poden supoñer un maior risco de contaxio para os pacientes e os profesionais sanitarios, a Consellería de Sanidade, MUFACE e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos de Galicia adoptaron unha serie de medidas excepcionais que permiten a prescrición non presencial para a dispensación ás persoas mutualistas usuarias do SERGAS nas oficinas de farmacia



Que procedemento teño que seguir para obter os medicamentos?

- A persoa mutualista acudirá á oficina de farmacia coa súa Tarxeta Sanitaria Individual do SERGAS e co talonario de receitas de Muface.
- Na oficina de farmacia, no lector de banda ou co CIP comprobarán en e-Receita a prescrición electrónica efectuada á ou ao paciente e dispensarán o medicamento ou produto sanitario prescrito debendo o mutualista abonar a achega específica da Mutualidade.
 - 30% do PVP xeral.
 - 10% do PVP (cun máximo de 4,24 euros por envase) no caso dos medicamentos cualificados de achega reducida.
 - Exento de achega en caso de produtos dietoterápicos e nutrición enteral domiciliaria.
- Se a persoa mutualista carecese de receitas oficiais da Mutualidade, deberá abonar o 100% na farmacia e solicitar o correspondente reintegro en MUFACE.
- A farmacia accederá á prescrición electrónica e consignará na receita papel oficial de MUFACE o código identificativo da e-receita, no cajetín destinado á prescrición, consignando o nome e apelidos do paciente, ano de nacemento, número de afiliación a Muface e o nº da e-receita.



ensino



Tramitación de PARTES de ALTA e BAIXA por IT para as persoas mutualistas de MUFACE durante a crise do COVID 19



Atópome enfermo pero o meu médico non me pode atender polo momento, así que non teño parte de baixa, que podo facer?

Comunica esta circunstancia ao teu órgano de persoal e cando che poidan atender envía por correo electrónico ou postal o exemplar do parte de baixa para a Administración ao órgano de persoal correspondente. O teu proceso de Incapacidade Temporal pode comezar o día que te puxeches enfermo, aínda que o parte médico sexa posterior, se o teu órgano de persoal así o acredita.



Xa estaba de baixa por Incapacidade Temporal antes de que comezase o Estado de Alarma, pero agora non consigo cita médica para obter o parte de confirmación da baixa, que podo facer?

Informa do sucedido ao teu órgano de persoal por teléfono ou por correo electrónico e remítelles o exemplar do parte de confirmación en canto o téñas. Non vas deixar de recibir a túa prestación por IT, sempre que o teu órgano de persoal acredite a MUFACE que se mantén a situación de IT.



O parte médico de baixa, sempre é por 15 días de duración?

Como norma xeral si, pero excepcionalmente o médico pode emitir un parte de baixa de ata 30 días de duración por motivos de mellor asistencia ao paciente. É o médico quen o determina e ten que xustificar no propio parte en función da duración estándar do proceso patolóxico. Expedir os partes en intervalos superiores a 15 días é excepcional.



Xa estaba a percibir a miña prestación por IT cando se declarou o Estado de Alarma haberá algún problema de atraso por isto?

Non ten que haber atraso pois MUFACE en coordinación cos organismos, está a adoptar medidas para que o subsidio poida ser abonado con normalidade.



ensino



ensino